

SESIÓN ORDINARIA DE 25 DE OUTUBRO DE 2.013

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e vinte minutos do día 25 de outubro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D^a María Begoña Seco Varela, D^a Pilar Méndez Lombao, D^a Tania Díaz Seijas, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

O sr. Alcalde expón sucintamente o contido das rectificacións propostas, que son as que seguen:

“VIAL Nº 42

CAMIÑO EN PENELAS

NOME:

Camiño de AS TORNAS

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Núcleo/lugar: Asentamiento surxido ao marxo de o planeamento en As Tornas, Penelas. Ten forma de “h”, de xeito que os dous pes lindan ao sur coa estrada municipal (pol. 76, parcela 9002), e o ramal principal (catastrado coma parcela 9016 do polígono 75) remata no pol. 75, parcela 410.

LINDEIROS:

O ramal principal (catastrado coma parcela 9016 do polígono 75) linda ao norte coa parcela 410 do polígono 75, Leste: parcelas 484, 520, 512, 515, 523, 499 e ramal secundario, ao Oeste coas parcelas 497, 505, 509, 508 e 013, e ao Sur coa estrada municipal catastrada coma parcela 9002 do pol. 76.

O ramal secundario linda ao norte coas parcelas 520 e 404, ao sur coa estrada municipal catastrada coma parcela 9002 do pol. 76, Leste coas parcelas 495, 500 e ao Oeste coas parcelas 512, 515, 523 e 499 do mesmo polígono 75.

SUPERFICIE: 3.724 M2.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en bituminosa.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Acta de cesión de data de setembro de 2013”.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2. APROBACIÓN PROVISIONAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS CONDICIÓN DE SEGURIDADE E SALUBRIDADE DOS USOS FORESTAIS DO SOLO

O Alcalde expón a proposta de ordenanza reguladora das condicións de seguridade e salubridade dos usos forestais do solo, do seguinte teor literal:

“APROBACIÓN PROVISIONAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS CONDICIÓN DE SEGURIDADE E SALUBRIDADE DOS USOS FORESTAIS DO SUELO

1.- Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto regular as distancias das plantacións arbóreas ou arbustivas, ou do seu crecemento espontáneo, respecto das edificacións, co gallo de garantir á seguridade e salubridade dos predios así coma o mantemento das boas relacións de veciñanza.

2.- Ámbito obxectivo

A presente ordenanza será de aplicación dentro do solo clasificado como solo urbano, urbanizable delimitado ou solo de núcleo rural.

As distancias respecto de viais e conducción de auga e as distancias previstas para o substrato arbustivo con respecto a praderías ou fincas de labor serán de aplicación a todas as categorías de solo.

3.- Distancias das plantacións forestais

Non se permiten plantacións das especies recollidas no ANEXO en solo de núcleo rural, solo urbano ou solo urbanizable delimitado.

A tal fin, considerarase como solo de núcleo rural o delimitado coma tal no planeamento municipal vixente, así coma a súa área de tolerancia exterior. Consecuentemente, as distancias previstas na lexislación forestal autonómica se computarán dende a alínea imaxinaria delimitadora da área de tolerancia exterior.

Dentro destas categorías de solo, permitirase a plantación de especies frondosas ou frutais, sempre que a distancia entre os pés das plantas sexa, como mínimo, de 10 metros e que as polas non se achegen a menos de 15 metros das edificacións principais nin a menos de 2 metros do linde da parcela colindante.

O cálculo das distancias das plantacións forestais e pés illados realizarase dende o punto máis próximo da plantación respecto do plano sobor o que se proxecta a superficie ocupada pola edificación.

Non se terán en conta as edificacións adicadas á garda de apeiros agrícolas ou forestais, así coma as restantes edificacións e instalacións menores.

En todo caso, as pes das árbores deberán gardar unha distancia mínima de 5 ml, respecto do dominio público viario ou de conduccións municipais de abastecemento ou evacuación de augas, sen que as polas poidan invadir o seu vuelo.

4.- Distancias das plantacións arbustivas

A vivendas:

Arbustos de ata 2 m. de altura..... 1 m.l.
Ídem. de máis de 2 m. de altura..... 10 m.l.

A edificios non vivenda (arbustos de máis de 2 m. de altura)..... 10 m.l.

A praderías e fincas de labor:

Arbustos de ata 2 m. de alto sen limitación.
Ídem. de máis de 2 m. de altura..... 3 m.l.

A camiños públicos:..... 5 m.l. dende o eixo e 2 m.l. dende o borde.

A conduccións municipais de abastecemento ou evacuación de auga 5 m.l.

A outras plantacións:

Arbustos de ata 2 m. de alto.....sen límite
Ídem. de máis de 2 m. de alto.....a mesma das plantacións existentes, con un máximo de 3 m.l.

5.- Condicións de seguridade e salubridade dos estratos herbáceos e arbustivos.

Dentro do de núcleo rural, solo urbano ou solo urbanizable delimitado, a xestión da biomasa deberá responder aos seguintes criterios:

No estrato arbustivo e herbáceo, a carga total non pode exceder os 2.000m³/hectárea.

A altura máxima da vexetación de crecemento espontáneo, arbustiva e herbácea non poderá rebasar os 20 cm. Dita altura máxima non será de aplicación aos cultivos agrícolas e praderías que sexan obxecto, a lo menos, dunha colleita anual.

Disposición transitoria

Os titulares de explotacións forestais de piñeiros ou eucaliptos en solo de núcleo rural, solo urbano ou solo urbanizable delimitado deberán proceder a súa corta e a retirada da madeira dende a entrada en vigor da presente ordenanza.

Disposición derradeira

A presente ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO

Especies prohibidas en solo de núcleo rural, solo urbano ou solo urbanizable delimitado:

ESPECIE	NOMBRE COMÚN
Pinus pinaster	pino gallego,
	pino del país
Pinus sylvestris	pino silvestre
Pinus radiata	pino de Monterrey
Pseudotsuga menziesii	pino de Oregón
Acacia dealbata	mimosa
Acacia melanoxylum	acacia negra
Eucalyptus spp	eucalipto
Calluna vulgaris	brecina
Chamaespartium tridentatum	carquesa
Cytisus spp	retama
Erica spp	brezo
Genista spp	retama, piorno
Pteridium aquilinum	helecho
Rubus spp	zarza
Ulex europaeus	tojo

O sr. Alcade expón de forma sucinta o contido da proposta de ordenanza reguladora dos usos forestais do solo, explicando que practicamente non comporta

modificacións respecto das distancias recollidas na anterior ordenanza e na lexislación autonómica e o que se propón fundamentalmente con este texto é mellorar á seguridade xurídica e facilitar a súa comprensión, integrando nun único texto a totalidade das obrigas de xestión forestal e da biomasa dos propietarios de solo de núcleo rural así como a súas áreas de tolerancia exterior, solo urbano e urbanizable delimitado.

Destaca como novidades máis salientable a posibilidade de facer plantacións de árbores autóctonas en solo de núcleo rural sempre que a distancia entre pés de plantas sexa, a lo menos, de 10 metros, co que se facilita a súa limpeza e non xenere un bosque moi tupido.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE pregunta qué sucede coas plantacións actualmente existentes de frondosas e frutais que non cumpren as novas distancias. Tamén pregunta se o Concello está disposto a cumprir nas súas propiedades os novos criterios de xestión, coma os 2000 m²/hectárea.

E, por último, pregunta se o Concello vai a actuar de oficio na inspección do cumprimento da ordenanza e cal é o réxime sancionador.

O voceiro do grupo municipal do BNG considera que a distancia de 10 metros de pé a pé en frondosas é desproporcionada e pregunta, asemade, polo réxime de inspección e sanción. Por outra banda, pregunta se o Concello vai artellar algún tipo de medida para axudar aos propietarios que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar os custes do debido cumprimento dos deberes de xestión da biomasa.

O Alcalde resposta que a ordenanza non establece obriga algunha que xa non estivera recollida na lei galega do ano 2007. Recorda que esta Lei impuxo a obriga de corta dunha serie de especies (piñeiros e eucaliptus) que non cumpriran as distancias reguladas así coma a obriga de xestión da biomasa. Estas obrigas reguláronse na anterior ordenanza e agora mellórase a súa redacción coa finalidade de facilitar o seu cumprimento. Afirma que a día de hoxe hai unha lei de montes que establece unha serie de obrigas que hai que cumprir, e dita lei encomenda aos concellos velar polo seu cumprimento. Por iso, e porque detrás de esta regulación existe unha problemática real e seria que por desgracia vemos tódolos veráns, é polo que traemos aquí esta proposta.

Asemade asegura que, en ausencia de esta ordenanza non se permitirían as novas plantacións de frondosas, se ben como neste concello temos núcleos bastante grandes o que permite estas plantacións sen incrementar o risco de incendio si se respetan as distancias que se propoñen. No que atinxe ao réxime sancionador éste será o regulado na lei de montes de Galicia.

O voceiro do grupo municipal do BNG expresa a súa conformidade á necesidade de regular as plantacións de determinadas especies coma piñeiros ou eucaliptus e que conlevan un alto risco de lume. Se ben pregunta ao sr. Alcalde qué é o que fará o Concello se unha familia sen medios económicos non pode, por este motivo, cumprir axeitadamente a súa obriga de xestión da biomasa.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, insiste na súa pregunta relativa a qué vai suceder coas plantacións de frondosas ou frutais que non cumpren conas novas distancias, así como se o concello vai a cumprir coas novas condicións de xestión, xa

que a día de hoxe non as cumpre en moitos parcelas e memo en camiños. Considera que non se debe esixir aos veciños o que o propio concello non está en condicións de cumprir.

O voceiro do grupo municipal do PP resposta que Polo que respecta as frondosas e frutais que non cupran as distancias agora reguladas, informa que estas distancias son de aplicación ás novas plantacións, non as xa existentes, así coma que o Concello cumprirá debidamente a obriga de xestión da biomasa das súas parcelas, como xa ben facendo. Tamén dí descoñecer qué parcelas municipais son ás que se refire o voceiro do PSOE, e pregúntase se non se referirá as estradas provinciais, que aínda as están a limpar agora. Insiste en que esta obriga de xestión non a establece a ordenanza municipal, senón que a recolle unha orde autonómica do ano 2007 que é de obrigatorio cumprimento.

No que se refire ás familias sen recursos, a lei non establece excepción algunha, polo que o xeito de actuar do concello será, ao igual que pode suceder se non pode pagar o recibo da auga ou do lixo, efectuar unha avaliación da situación real polos servizos sociais do concello e, se é procedente, darlle unha axuda para que poida pagar o recibo ou facer a xestión da biomasa.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de ordenanza municipal reguladora dos usos forestais do solo.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e tres abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e máis do BNG.

3. MOCIÓNS DO BNG CON NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 2985 E 3359

O voceiro do grupo municipal do BNG inicia a defensa da moción presentada o día 27 de setembro de 2013 e do seguinte teor literal:

“D. Arcadio Lombao Román, concelleiro-portavoz do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte

MOCIÓN PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALIZA UNHA PARTIDA ECONÓMICA NOS ORZAMENTOS DO 2014 PARA ATENDER O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) EN TODOS OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES

Nos últimos anos, a grave crise que estamos padecendo provocou un incremento importante de persoas que demanda e necesitan recorrer aos servizos sociais públicos para cubrir boa parte das súas necesidades máis básicas e fundamentais.

Paralelamente, mentres estes casos ían en aumento, os gobernos do PP, tanto na Xunta de Galiza como no Estado, amparándose nesta crise e na súa propia filosofía política, veñen aplicando un brutal recorte orzamentario no financiamento dos servizos

sociais (Lei de Dependencia, Servizo de Axuda no Fogar, Centros de Día, Escolas Infantís, ...), que está afectando a miles de familias galegas.

Un exemplo claro e grave desta política témolo no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, aprobado polo Consello da Xunta o ano pasado, que establece un novo modelo de financiamento para os servizos de benestar en Galiza e determina importantes modificacións co anterior modelo, o que éste supón na práctica, un trato claramente discriminatorio para os concellos con menor poboación, á par que avanza na privatización e o copago dos mesmos.

Así, o artigo 47 deste Decreto determina que fican excluídos de axudas públicas por parte da Xunta de Galiza o –Servizo de Axuda no Fogar nos concellos de menos de 20.000 habitantes, o persoal adscrito aos equipamentos sociais de titularidade municipal (Centros de Día ou Escolas Infantís , ...) nas citadas entidades e as unidades de traballo social (persoal dos servizos sociais, agás os traballadores e as traballadores sociais) nos Concellos de menos de 20.000 habitantes.

Esta decisión política do Goberno da Xunta de Galiza significa que 293 concellos galegos foron excluídos da axuda autonómica para o servizo da axuda no fogar, o que provoca que arredor de 100.000 galeos e galegas vexan minorado o servizo que se lles viña prestando, favorecendo con elo a perda de emprego para boa parte das persoas que viñan traballando na prestación deste servizo público, básico e fundamental no medio rural. Outro tanto acontece na totalidade dos concellos das comarcas de Lugo, onde, agás a capital da Provincia, o resto ficaron excluídos da axuda autonómica, afectando dun xeito importante a preto de 30.000 persoas beneficiarias e ás 2.000 que viñan prestando o seu servizo na axuda domiciliaria.

A prestación deste servizo básico no medio rural, estase prestando neste mometo con recursos moi reducidos e que o caso de Lugo están aportando en exclusiva os concellos e a Deputación a través da Área de Benestar Social, mentres a Xunta de Galiza se desentende deste grave problema e das persoas que o padecen. Ambas institucións están facendo un importante esforzo económico para atender o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), pero insuficiente para cubrir as necesidades e demandas que existen e van en aumento polas políticas de recortes e falsa austeridade que aplican salvaxemente dende o Goberno do Estado e da Xunta de Galiza.

A situación é cada vez máis grave e o Goberno da Xunta de Galiza non pode seguir eludindo as súas responsabilidades, e moito menos descargándoas noutras institucións, á hora de dotar aos concellos rurais dos recursos económicos e humanos necesarios para facer fronte a este grave problema social e asegurar a prestación acaída do servizo de axuda no fogar aos miles de familias galegas que o necesitan e o están demandando a diario.

Por este motivo, o GM do BNG do Concello de Outeiro de Rei presenta, para o seu debate e aprobación en Pleno, o seguinte

ACORDO

a) O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) insta ao Pleno da Corporación a que esixa do Goberno da Xunta de Galiza a incorporación

dunha partida orzamentaria nos Orzamentos da Xunta do ano 2014, similar en contía á recollida nos Orzamentos da Xunta do ano 2010, para asegurar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar e o resto dos servizos sociais básicos en todos os Concellos de menos de 20.000 habitantes.

b) Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta, á Conselleira de Traballo e Benestar e aos Portavoces de todos os Grupos Políticos do Parlamento Galego”.

Rematada a defensa da moción, toma a palabra o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, quen recorda que este asunto xa foi tratado no pleno anterior e que no mesmo tivo que recordar que o Decreto autonómico ao que recorre o PP na defensa da súa postura é un decreto contrario ao articulado da Lei de Servizos Sociais de Galicia e que, por tal motivo, foi impugnado pola Deputación de Lugo perante o TSX de Galicia.

Consecuentemente, a Xunta de Galicia debe manter, se non aumentar, o financiamento municipal para a prestación de servizos sociais.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular recórdalle ao voceiro do PSOE que o bipartito aprobou unha Lei (a Lei de servizos sociais de Galicia) que despois non desenrolou regulamentariamente. Este desenrolo regulamentario o tivo que facer o actual goberno da Xunta, e asumindo os postulados da Lei do bipartito, encomendou ás Deputacións provinciais o financiamento dos servizos sociais nos concellos de poboación inferior aos 20.000 habitantes e á Xunta aos de máis de 20.000 habitantes.

Pois das catros diputacións, unicamente a de Lugo incumpre a lexislación autonómica. Por por un exemplo, neste concello a Xunta por máis de 100.000 euros, o Concello algo máis de 40.000 euros e a Deputación de Lugo 8.000. Por iso non é verdade que o que afirma o BNG na súa moción. A Xunta financia máis que ningunha outra administración os servizos sociais e a Deputación incumpre as súas obrigas legais. Isto non é discutible porque se pode medir en cifras.

O voceiro do BNG afirma que a Xunta sacou o decreto impoñendo a obriga de financiamento ás deputacións para liberar orzamento para outras historias. E mentres cada vez hai máis necesidade de servizos sociais, a Xunta reduce as súas partidas orzamentarias e lle empluma as cargas económicas a outras administracións. Hai cousas que son intocables coma os servizos sociais ou a sanidade.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE dí que non é que sexa ou non lóxico, senón que o dí textual a Lei de Servizos Sociais de Galicia. E o que non se pode aprobar un decreto que vulnera abertamente a Lei baixo a estratexia de que -polo menos durante os tres anos que tarda o Tribunal en resolver o recurso- a Xunta pode incumplir a súa obriga de financiamento atribuíndolle a súas responsabilidades a outras administracións.

O voceiro do grupo municipal do PP insiste en que cando os outros grupos municipais afirman que a Xunta non financia o servizo de axuda no fogar están mentindo. A Xunta financia ao 100% o servizo de axuda no fogar neste e nos restantes concellos en aplicación da Lei de dependencia. Esta Lei –que foi aprobada polo PSOE de Zapatero-, imponía a financiación do 50% do custe de dependencia ás CCAA e o

outro 50% ao Estado. E a Xunta de Galicia sempre a apricou a pesares de que o Goberno de Zapatero non chegou a aportar o que se comprometeu.

E o outro servizo –o de libre concurrencia- é o que ten que financiar a Deputación de Lugo. Pero a Deputación de Lugo prefere incumprir abertamente a Lei ao mesmo tempo que se gasta preto de un millón de euros (1.000.000) en gastos de presidencia. Esta é a realidade en números: gasta un millón de euros en gastos de presidencia mentres a este concello aporta 8000 euros para servizos sociais.

Esto é indiscutible e os datos están enriba da mesa.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con tres votos a favor pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE e oito votos en contra.

A continuación, o voceiro do grupo municipal do BNG inicia a defensa da moción presentada o día 22 de outubro de 2013 con número de rexistro de entrada 3359, do seguinte teor literal:

Arcadio Lombao Román, concelleiro do BNG na Corporación Municipal de Outeiro de Rei ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:

MOCIÓN PARA ELIMINAR O COPAGAMENTO DE MEDICAMENTOS A PERSOAS DOENTES CRÓNICAS NON HOSPITALIZADAS NA SANIDADE PÚBLICA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de setembro o goberno do Estado estableceu unha modificación nas condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do sistema estatal de saúde para que as persoas doentes crónicas non hospitalizadas teñan que achegar una cantidade para sufragar o gasto das medicinas.

Con esta resolución, o Goberno do Estado fixa un novo copagamento para os medicamentos e supón un novo imposto á enfermidade. Desde o 1 de outubro, 42 medicamentos de dispensación hospitalaria a persoas doentes crónicas con doenzas graves, deixarán de ser dispensadas sen custo, polo que haberá que pagar o 10% deste até o límite de 4,20 euros, agás aquelas que estiveren exentas.

Son fármacos para o tratamento de enfermidades graves: cancro, tumores, leucemia, hepatite C, artrite reumatoide, dexeneración muscular...

Estamos a falar de persoas pacientes na maioría dos casos polimedicadas para as cales este novo repago, este novo imposto á enfermidade, supón unha carga moi importante na súa economía, persoas que xa non son quen de chegar a fin de mes e outras que xa nin comenzan o mes. Esta medida vai significar o sacrificio e sufrimento para moitas persoas. É indigna, inhumana, inxusta, e retrata un goberno que actúa contra a xente a prol das grandes fortunas e do poder para facer caixa a costa das persoas máis

desfavorecidas, das persoas que adquiriron preferentes e subordinadas, das emigrantes retornadas, pensionistas, funcionarias, da clase traballadora, para seguir engordando a banca e o poder.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.

2. Instar á Xunta de Galiza a que non aplique esta resolución no noso país.

3. Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e Presidente do Goberno do Estado”.

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, quen recorda que o grupo parlamentario socialista o día 26 de setembro de 2013 fixo unha proposición non de lei para rexeitar o copago de medicamentos. Ésta é unha medida que castiga ás persoas que máis o necesitan, xa que lles obriga a aportar unhas cantidades para algo moi importante para as súas vidas mentres que xenera un aforro moi limitado.

O voceiro do grupo municipal do PP afirma que o seu partido tamén está en contra da suba de calquer tipo de taxas ou impostos, pero a situación que herdou non lle permite facer outra cousa. Por suposto que hai que garantir o acceso aos medicamentos, pero tamén hai que cadrar os orzamentos, polo tanto non queda outra solución. Máis inxusto era a situación anterior que é a que defende o PSOE, na que un pensionista que cobra 2000 euros non tiña que pagar os fármacos mentres que un parado con dous fillos tiña que pagalos. Esta situación agora se corrixe.

E claro que lle parece mal que os enfermos teñan que pagar polos medicamentos, pero tamén lle parece mal ter un débeda pública do 100% do PIB pola que ten que pagar uns intereses elevadísimos mentres hai que seguer a pagar as pensións, a educación e os restantes servicios. Hai que ter claro unha cousa: todos nos hemos empobrecido como consecuencia dunha política desastrosa do anterior goberno e agora saír desta situación vai costar traballo e sacrificios.

O voceiro do BNG considera que falar de cadrar os orzamentos é demagogia. Cadrar os orzamentos é pura demagogia. ¿cadralos para qué? ¿para ragalar cartos á banca ou para perdoar os impostos aos clubs de fútbol?. O seu goberno é moi forte cos débiles e moi débil cos fortes. O que se está a facer e cobrar os medicamentos aos traballadores, pensionistas e desempregados mentras se regalan os cartos a gran banca. É o que fan sempre. E agora fala de que está en contra de subir os impostos cando neste concello subiu as taxas e o IBI.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE afirma que non se corríxen estas desigualdades, xa que todos terán que pagar o 10% independentemente da súa renda. E a solución que propón – que nos casos nos que no poda pagar os servizos sociais do concello evaluarán a situación- non está regulada. En ningún lugar se establece o umbral de renda para que interveñan os servizos sociais do concello, polo que a decisión ao final será dunha persoa.

O voceiro do grupo municipal do PP afirma que a suba do IBI ou a suba das taxas a impuxo o Goberno da nación. E a impuxo porque houbo que rescatar a moitos concellos e moitas comunidades autónomas. E hai que subir os impostos porque temos que seguir a pagar a educación, a sanidade, a conservación das estradas e infraestruturas... etc., pero para pagar estes somos catro millóns de traballadores menos. E ista situación á que nos levou o anterior goberno do PSOE negando a crise e gastando máis.

E falla á verdade o voceiro do PSOE cando dí que todo o mundo paga o 10%. Porque é o 10% pero cun máximo de 4,20 euros, polo que non é o 10% dun medicamento de 60 euros, por poñer un exemplo. E tamén falla a verdade cando oculta que agora o parado con dous fillos non ter que pagar e antes –co goberno de esquerdas- si. Isto demostra que aos gobernos de esquerdas non lles preocupan os parados e a mellor proba é que as dúas veces que gobernaron levaron o paro ao 25% e empobreceron á poboación.

Tamén pregúntase porqué o que o BNG chama “gran banca” necesita cartos. E ónde estaban os sindicatos e a esquerda cando estaban a descapitalizarse. Apunta que a esquerda estaba nos consellos de administración mirando para outro lado. E agora son dúas as opcións: ou se deixaban caer os bancos facendo que os aforradores perdesen os seus depósitos ou se aportan cartos para salvar a situación. E parece mentira que fale de ser forte cos débiles cando a esquerda o único que fai é crear débiles, debilitar á sociedade.

E remata comprometéndose a que neste concello, o veciño que realmente necesite de axuda para mercar medicamentos a terá a través dos servizos sociais, que é como se ten que facer en dereito.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con tres votos a favor pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE e oito votos en contra.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos, da que eu, Secretario, estendo a presente acta co visto é praxe do sr. Alcalde.

O Secretario

Vº e praxe; O Alcalde

